



O PP de Ames logra que o Goberno local reaccione e anuncie o saneamento para Tapia e Piñeiro tras anos de parálise

• A formación popular amosa a súa satisfacción por que o Executivo municipal mova ficha xusto despois de que Oliva Agra presentase unha moción esixindo solucións inmediatas para estas parroquias.

• Oliva Agra: *“É positivo que o Goberno esperte, pero un anuncio no aire non abonda; os veciños necesitan un cronograma real, orzamento e prazos por escrito”*.

O Grupo Municipal do Partido Popular de Ames amosa a súa satisfacción ao comprobar como o goberno local iniciou a redacción dun proxecto de saneamento para as parroquias de Piñeiro e Tapia apenas uns días despois de que o PP presentase unha moción solicitando estas actuacións.

Para os populares, que decatáronse pola prensa da recente visita do alcalde e o concelleiro de Obras a Tapia para anunciar a instalación de fosas sépticas e a mellora das existentes na Rúa e Fernande, é unha *“reacción directa e apresurada”* á presión exercida polo PP tras reunirse cos veciños o pasado 2 de marzo.

Os concelleiros do PP coa súa portavoz, Oliva Agra, mantiveron un encontro directo cos veciños de Tapia dentro da rolda de visitas que a formación está a realizar por todo o municipio. *“Nesta xuntanza, a reclamación foi clara: o saneamento non pode esperar máis. Comprometémonos a levar a súa voz ao Pleno de xeito inmediato e así o fixemos”*, explica Agra.

Na moción presentada, o PP argumenta que o acceso á auga potable e ao saneamento é unha obriga legal e unha cuestión de dignidade básica. *“O PSOE leva gobernando Ames de xeito ininterrompido desde 2015. Máis de dez anos de responsabilidade directa son tempo máis que suficiente para ter resolto unha carencia que afecta seriamente á calidade de vida diaria dos nosos veciños”*, engaden desde o grupo popular.

Malia celebrar o anuncio do goberno municipal, o PP advirte de que non aceptará *“promesas electorais ou anuncios baleiros”*. Por iso, na súa iniciativa plenaria esixen compromisos concretos como a presentación nun máximo de tres meses dun plan técnico e económico para o saneamento e abastecemento en Tapia e Piñeiro, a publicación dun cronograma real que indique as fases, o financiamento previsto e as datas de inicio e fin das obras, a inclusión de partidas específicas nos orzamentos municipais para que as obras non queden nun papel, e un informe trimestral ó Pleno dando conta do estado da execución do proxecto.